

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	PADERNE
Edificio	Igrexa de San Xoán de Vilamourel
Dirección	Lugar Altamira, 9. 15314
	43.276913 -8.155780
Protección	
Descrición	<p>Igrexa dunha soa nave de planta rectangular, ábsida máis baixa e estreita ca nave e, apegada ó muro setentrional da ábsida un pequeno corpo que serve de sancristía. Os seus muros son de carga, máis pilastras, de perpiaños de granito; agás no volume pertencente a sancristía que é de cachotería. Ten cuberta a dúas augas con cubrición de tella plana. Nos laterais da nave e do muro sur da ábsida destacan os típicos canzorriños característicos do Románico, así como as cruces inscritas en círculos nos piñóns da nave principal e da ábsida.</p> <p>A fachada, de trazado simple, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba, mediante a porta de acceso rectangular adovelada. Sobre o ingreso unha fornela moldurada e, sobre esta unha xanela rectangular abucinada que dá luz ó interior. Rompendo o vértice do pentágono unha base para unha espadana de dous corpos franqueada por dous pináculos con bóla. O primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e serve para aloxa-las campás. O segundo sobre cornixa, un frontón triangular curvo franqueado por dous pináculos con bóla. Remata o conxunto, outro pináculo con bóla cunha cruz de forxa enriba.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	7
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
Data	06-03-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	OCAMPO (ARCOS DA CONDESA)	1999	53	86

Espadana	Maior.	SERNA, JOSÉ FRANCISCO (SANTIAGO DE COMPOSTELA)	1802	55	96
----------	------------------------	--	------	----	----

Información completa: [Igrexa de San Xoán de Vilamourel - PADERNE \(GALICIA\)](#)

PDF (28-05-2026)